

## **Argelio Fernández presenta unha lista renovada no 30% para “seguir atendendo a todos e cada un dos problemas da xente do concello”**

Lidera un proxecto “ambicioso, pero realista, e que está encamiñado a dar servizos públicos aos cidadáns, tal e como vimos facendo nos últimos anos”. É o caso da nova casa do concello, do polideportivo, da rehabilitada Escola Fogar, das numerosas traídas de auga, ou do acondicionamento dos accesos a núcleos

“Temos ilusión, ganas e, sobre todo, un gran compromiso coas persoas, porque nós non gobernamos o concello, gobernamos para os veciños que viven no concello”, afirma

O programa de goberno está destinado a garantir os servizos sociais, á potenciación da oferta cultural e deportiva, á mellora das infraestruturas e á reordenación urbanística, a través da aprobación definitiva do PXOM

**A FONSGRADA, 5 DE MAIO DE 2015.-** O candidato á alcaldía de A Fonsagrada –Argelio Fernández Queipo- encabeza unha candidatura, cuxa renovación ascende ao 30%, pois dos dezasete integrantes, os postos catro, cinco, sete e nove, ademais do primeiro suplente, son novas incorporacións. O socialista subliña que “se trata dun gran equipo, co que seguiremos dando continuidade ao noso principal obxectivo, que é atender a todos e cada un dos problemas da xente do concello”.

Para elo, o proxecto dos socialistas deste municipio “é un proxecto ambicioso, pero realista, e que está encamiñado a dar servizos públicos aos cidadáns, tal e como vimos facendo nos últimos anos, xa que, a pesares da crise, fomos quen de facer distintas obras que agora son unha realidade”. É o caso, indica o alcaldable, da construción da nova casa do concello, da mellora do polideportivo, da rehabilitación da cuberta da Escola Fogar, das numerosas traídas de auga, ou do acondicionamento dos accesos a núcleos.

“Non son actuacións menores, pois, en moitos casos, supuxeron un gran esforzo para as arcas municipais. Con todo, fomos capaces de reinventarnos e de xestionar de acorde ás necesidades e demandas cidadáns, priorizando aquilo no que o Goberno municipal nunca ten que fallar, que en garantir os servizos básicos á cidadanía”. E, todo elo, indicou o candidato, a través “dunha administración máis próxima, porque o cambio comeza, sen lugar a dúbidas, dende abaixo. E neste cambio, os concellos somos cruciais. En Fonsagrada iniciámolo hai catro anos e agardamos seguir facéndoo no próximo mandato”, conclúe.

### **Compromisos programáticos**

“Temos ilusión, ganas e, sobre todo, un gran compromiso coas persoas, porque nós non gobernamos o concello, gobernamos para os veciños que viven no concello”. Para iso, o programa de goberno que lidera Argelio Fernández, estrutúrase do seguinte xeito:

- En servizos sociais: inclúe a posta en funcionamento do Residencial Rois e a mellora no servizo de axuda no fogar.
- En cultura e deportes: a construción do campo de fútbol, así como a promoción e potenciación do turismo rural e sendeirismo, “tal e como se vén facendo nos últimos

- anos”, ademais da potenciación de A Fonsagrada como porta de entrada do Camiño Primitivo e a rehabilitación da antiga casa consistorial para dedicala a fins culturais
- En infraestruturas, o remate do saneamento do núcleo urbano, a mellora do abastecemento de auga e a estrada que comunica o núcleo urbano con Navia de Suarna.
  - E, en urbanismo, a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

### **Lista “gañadora”**

Para acadar estes obxectivos, os socialistas presentan “a seguinte lista gañadora”, que está formada por 11 titulares e tres suplentes. É a seguinte:

- 1.- Argelio Fernández Queipo
- 2.- José Ángel Fernández Carrín
- 3.- Carlos López López
- 4.- María del Mar Testa Díaz
- 5.- María Gloria Pasarín Méndez
- 6.- Carlos Fernández Vázquez
- 7.- Antonio López Vilabril
- 8.- María Isabel Landeira López
- 9.- Ermitas Pereira Fernández
- 10.- Ana María Ocampo Villar
- 11.- Carmen Mon Álvarez

### Suplentes:

- 1.- Manuel González Fernández
- 2.- Manuel Enríquez Longedo
- 3.- Ángeles Llorente Benito